



**PROXECTO
LINGÜÍSTICO DE
CENTRO
2020-2024**

C.E.I.P. PONTE DE XUVIA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DO CENTRO

2.1. O alumnado

2.2. O profesorado

3. OBXECTIVOS

3.1. O contorno sociolingüístico do centro

3.2. Situación do profesorado

3.3. Situación do alumnado

3.4. Situación lingüística do centro

4. MATERIAS QUE SE IMPARTEN EN GALEGO

4.1. Etapa de Educación Infantil

4.2. Etapa de Educación Primaria

4.3. Período lector

5. MEDIDAS DE REFORZO

5.1. Alumnado con n.e.a.e.

5.2. Alumnado estranxeiro

5.3. Outras circunstancias

6. DOCUMENTACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia regula o uso e promoción do galego no sistema educativo e serve de marco lexislativo para potenciar a lingua galega nos centros.

O citado decreto no *artigo 11* indica: *“a consellería competente en materia de educación establecerá un programa regular de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo, no marco do seu proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa”*. Ademais no *artigo 15* recolle que os **“Equipos Dinamización da Lingua Galega (E.D.L.G.)** *terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos e que estes contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego”*.

Neste marco lexislativo actual elaboramos o Proxecto Lingüístico no **C.E.I.P. Ponte de Xuvia**, situado en Narón (A Coruña).

A realización deste proxecto correu a cargo do E.D.L.G xunto con representantes dos cursos que non tiñan representación no propio equipo e coa colaboración do equipo directivo da escola. O seu deseño desenvolveuse ao longo do curso 2019-2020 co fin de poder presentalo e aprobalo ao inicio do curso escolar 2020-2021.

A finalidade principal deste proxecto será marcar unhas liñas de actuación encamiñadas a conseguir que o noso idioma sexa un vehículo de expresión habitual na comunidade educativa e o seu uso transcenda e continúe fóra do ámbito educativo. Sabemos que é un proceso longo; a maior dificultade é conseguir que o alumnado se exprese en lingua galega tanto dentro da aula, cando están coas materias en lingua galega; coma fóra, no tempo de lecer.

Para poder levar adiante este proxecto é imprescindible a colaboración de toda a comunidade educativa: profesorado, alumnado, nais, pais, ANPA, concello, asociacións culturais e deportivas e tamén contar cunha formación continua do profesorado e cuns orzamentos, sempre necesarios para calquera proxecto.

E sobre todo o que máis necesitamos é apoio institucional.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL NO CENTRO

Para desenvolver este proxecto é fundamental ter en conta a situación do noso centro, tanto o lugar no que se atopa como as persoas que participan na vida do mesmo.

O centro atópase no concello de Narón, o oitavo concello máis poboado de Galicia. Está formado por oito parroquias, ademais de aldeas e lugares. Na actualidade conta con algo máis de 40.000 habitantes.

O 80% vive no núcleo urbano (A Gándara, Alto do Castiñeiro, O Couto, Sta. Icí, Piñeiros e Xuvia). O 20% na zona rural de Castro, Doso, O Val, Pedroso, S. Xiao de Narón, Sedes e Trasancos.

O colexio está na parroquia de Xuvia, pódese dicir que é unha zona urbana en case toda a súa totalidade.

A familia do alumnado traballa maioritariamente na industria e nas pequenas empresas da zona. Destacan tres polígonos industriais (A Gándara, Río do Pozo e As Lagoas) que empregan a moita xente do concello inda que desde hai anos aumentou considerablemente o número de persoas desempregadas.

Recentemente actualizamos os datos referidos á situación do profesorado e alumnado respecto ao emprego da lingua galega. Para isto empregamos unha enquisa que pertence ao libro **“A planificación lingüística nos centros educativos”** editado pola Xunta de Galicia. A continuación detállanse os resultados:

2.1 Situación do profesorado. O noso centro conta na actualidade con **nove unidades**, e o seu cadro de persoal está configurado polos seguintes mestres, mestras e demais persoal adscrito:

Educación Infantil	3 titores/as e 1 mestre/a de apoio
Educación Primaria	6 titores/as (unha delas ademais imparte Plástica en inglés de 1º a 6º de primaria)
Especialistas	1 mestra de Educación Física, 1 mestra de Educación Musical, 1 mestra de Filoloxía Inglesa e 1 mestra de Relixión Católica (compartida co

	C.E.I.P. Virxe do Mar).
D.O	Orientadora e mestre/a de A.L (compartidas co C.E.I.P Piñeiros) e mestre de P.T (exercendo a súa vez á dirección do centro).
Outros	<p>A escola conta cun monitor do concello que imparte Psicomotricidade nas aulas de 4 e 5 anos unha vez á semana xunto coa mestra de E.F.</p> <p>O A.N.P.A da escola xestiona as actividades extraescolares ademais de colaborar estreitamente na celebración de festas (Magosto, Nadal, Entroido, Fin de curso ...) e noutros aspectos da vida da escola.</p> <p>Outro persoal do centro son o conserxe e o persoal de limpeza.</p>

Unha vez analizados os resultados da enquisa cuberta polo profesorado a conclusión final é que **a dispoñibilidade do profesorado para impartir docencia en galego é moderada.**


Situación sociolingüística do profesorado		
1	Lingua habitual do profesorado	Predomina o castelán
2	Capacidade do profesorado para empregar o galego na actividade docente	Alta
3	Disposición do profesorado para facer cursos de reciclaxe e actualización	Boa
4	Actitude do profesorado cara a utilización do galego no ámbito educativo	Moi Favorable
5	Actitude do profesorado cara a	Moi Favorable

	normalización social do galego	
--	--------------------------------	--


2.2 Situación do alumnado: Enviamos ás familias a enquisa correspondente ao alumnado e a participación foi bastante alta. En torno a un 65%, aproximadamente.


1	Que lingua usa o voso fillo ou filla?	Máis dun 50% do alumnado predomina o castelán fronte a un 1,4% no que predomina o galego.
2	Que lingua se fala habitualmente na vosa casa?	Nas casas a fala que predomina é o castelán (51%) pero tamén destacamos que un 12,1% indica que se falan castelán e galego por igual.
3	Que lingua usa o voso fillo ou filla no ámbito escolar?	Nesta pregunta o 53,2% considera que os seus fillos e fillas empregan predominantemente castelán na escola fronte ao 17% que indican que empregan as dúas linguas.

A continuación expoñemos unha táboa que engloba os resultados destas tres primeiras preguntas da enquisa:



Sobre a competencia comunicativa en galego que o alumnado trae da etapa anterior, un 41,5 % considera que é aceptable, 12,6% considera que é boa e o 1,5% moi boa.





En base a estas enquisas podemos determinar que o alumnado na nosa escola é castelán falante, agás algún caso puntual que é galego falante (1,4 % de entre todos os que entregaron as enquisas).

A nosa tarefa consistirá en deseñar uns obxectivos adaptados a esta realidade, respectando o marco legislativo actual e favorecendo o achegamento a lingua galega de xeito motivador, por medio de actividades variadas e interesantes, tanto na aula como no centro e onde impliquemos a toda a comunidade educativa.

1. OBXECTIVOS

1.1. Sobre o contorno sociolingüístico do centro:

- ❖ Colaborar coa ANPA, Concello, asociacións culturais nas actividades relacionadas coa recuperación, promoción e divulgación da cultura galega.
- ❖ Fomentar o coñecemento e valoración do patrimonio cultural, participando na súa conservación, respectando a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos a súa identidade, desenvolvendo unha actitude de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- ❖ Facilitar e promover a participación de persoas coñecedoras dos valores culturais e tradicións do noso contorno e da nosa cultura.

- ❖ Implicar a toda a comunidade escolar, en especial á familia, para a recuperación, conservación e transmisión do patrimonio cultural inmaterial e material e procurar a pescuda de información para salvagardar diferentes aspectos da cultura tradicional: cantigas, refráns e ditos, adiviñas, costumes, toponimia, xogos tradicionais..
- ❖ Apoiar actividades ao longo do curso que fomenten intercambios de experiencias entre escolas do Concello como o Certame Intercentros, ou aquelas que poidan xurdir e fomenten o uso da lingua galega a proposta do Concello de Narón ou concellos veciños.

1.1. Sobre a situación do profesorado:

- ❖ Falar con seguridade en galego.
- ❖ Empregar o galego dentro e fóra da clase.
- ❖ Mellorar o coñecemento e a calidade do galego oral e escrito do alumnado.
- ❖ Facer da clase en galego algo positivo e non impositivo.
- ❖ Non menosprezar o galego diante das demais linguas.
- ❖ Fomentar todo tipo de creatividade de base en galego, de forma lúdica.
- ❖ Procurar o achegamento ás diferentes manifestacións culturais e artísticas en idioma galego: música, pintura, escultura, arquitectura ...
- ❖ Utilizar a lingua galega nas reunións colectivas de grupo, de nivel, de ciclos...cos pais.
- ❖ Animar ao profesorado a realizar actividades conxuntas a prol da lingua galega propostas desde os diferentes equipos do centro, que se programen para o curso.
- ❖ Potenciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos en galego de información, lectura, aprendizaxe e divertimento.
- ❖ Potenciar o uso da páxina web do centro e da aula virtual por parte de todos os membros da comunidade educativa, introducindo enlaces con recursos en galego, e dando a coñecer que a lingua galega está vinculada a nosa tradición e ademais ás novas tecnoloxías.
- ❖ Animar ao profesorado que inicie ao alumnado nas TIC , que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe en lingua galega , e que capaciten o alumnado para o seu uso correcto, permitindo valorar ao galego como lingua moderna e actual.

3.3 . Sobre a situación do alumnado: Sobre este apartado hai que puntualizar que o Plan Xeral de Atención á Diversidade (P.X.A.D.). no seu punto 4.4 recolle unha serie de obxectivos vinculados á mellora da competencia lingüística do alumnado e que haberá que ter en conta á hora de deseñar as actividades na nosa escola.

- ❖ Fomentar a oralidade en galego nas aulas.
- ❖ Comprender e producir mensaxes orais e escritos en galego, atendendo a diferentes intencións e contextos de comunicación.
- ❖ Dar prioridade á afectividade e a utilidade da nosa lingua dándolle un papel protagonista á oralidade: dar a coñecer personaxes importantes de actualidade que utilizan a nosa lingua no seu labor: escritores, ilustradores, cantantes, deportistas, etc.
- ❖ Impulsar a participación, en actividades de recitado de poesía , lectura de contos, obras de teatro ... para apreciar o uso da lingua galega.
- ❖ Fomentar que vexan cine, teatro, pintura, música... en galego, dentro e fóra da escola, promovendo ditas actividades na escola e procurando saídas, de carácter didáctico, onde existan este tipo de manifestacións artísticas e culturais que contribúan a valorar a lingua e cultura galega.
- ❖ Ensinarlles a empregar as TIC na utilización de recursos didácticos en galego, adaptados aos diferentes ciclos de Infantil e Primaria.
- ❖ Na Educación Infantil introducir paulatinamente a oralidade en lingua galega mediante a lectura e escoita de contos, a aprendizaxe de vocabulario básico (días da semana, meses do ano ...) e outros aspectos incluídos nas rutinas diarias de aula.
- ❖ Fomentar a pescuda de información na internet para elaboración de traballos de investigación propostos desde diferentes áreas e ensinarlles diferentes formas de presentacións: *Word, Power Point* ... utilizando a lingua galega, atendendo a súa idade e intereses.

1.2.Sobre a situación lingüística do centro:

- ❖ Dar a coñecer a toda a comunidade escolar calquera actualización da normativa vixente en lingua galega e actualizar e dar a coñecer o proxecto

lingüístico.

- ❖ Crear unha actitude positiva cara o galego.
- ❖ Utilizar o galego como lingua de relación entre mestres e alumnos/alumnas.
- ❖ Compromiso do profesorado na actualización e mellora do coñecemento da lingua galega.
- ❖ Fomentar o uso do galego entre profesores e pais.
- ❖ Revisar o fondo bibliográfico en galego das bibliotecas de aula e do centro, valorando as necesidades que haxa e tentando cubrilas desde o E.D.LG. ou desde o presuposto da Biblioteca.
- ❖ Promover plans de lectura mediante técnicas coma animación a lectura na biblioteca do centro e na aula.
- ❖ Empregar as novas tecnoloxías para a divulgación do galego así como recompilar traballos feitos e presentalos en soporte informático.
- ❖ Presentar todos os traballos na páxina web do colexio no apartado de dinamización lingüística.
- ❖ Empregar actividades de fomento do uso do galego aplicando as T.I.C na escola.
- ❖ Proporcionarlles aos pais toda información que recaden do centro sempre en galego, tanto se trata de información oral coma escrita.
- ❖ Facilitarlles aos coordinadores de ciclo o material axeitado para potenciar a incorporación da cultura galega ao ensino nas áreas.
- ❖ Solicitar axudas económicas e material para a consecución dos obxectivos do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- ❖ Animar a A.N.P.A. a utilizar a lingua galega nas súas comunicacións escritas dirixidas ás demais familias, e a colaborar en actividades propostas polo E.D.L.G.

4.MATERIAS QUE SE IMPARTEN EN GALEGO

4.1 Etapa de Educación Infantil

O decreto 79/2010 indica que na etapa de Educación Infantil “o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo”.

Ademais na Instrución para a aplicación do citado decreto, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o mesmo indícase que a lingua predominante do alumnado na etapa de Educación Infantil deberá determinala o centro educativo, mediante a súa fixación e posterior aprobación no proxecto lingüístico de centro.

Tal e como indicamos no apartado 2, segundo o análise das enquisas realizadas e da consulta anual ás familias (no caso do alumnado de nova incorporación) e atendendo a realidade sociolingüística do noso centro, **a lingua materna predominante é o castelán.**

Por outra banda o citado decreto indica que “atenderase de xeito individualizado ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.” Deste xeito inda que a lingua maioritaria sexa o castelán, respectaremos esta premisa á hora de dirixirnos individualmente ao alumnado.

Polo que respecta aos libros de texto, non hai en ningún idioma, xa que traballamos por proxectos e secuencias didácticas agás en lingua inglesa que si contan con libro de texto. Así mesmo o citado decreto 79/2010 indica que : *“Cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais”.*

Incluimos unhas liñas xerais que se levan a cabo nas aulas:

- **Rutinas diarias:** Introduciranse aspectos como os días da semana, nomes dos meses, números, etc... no idioma galego co fin de que se produza un achegamento á nosa lingua. Aproveitaremos a significatividade deste momento no día a día da aula para fomentar o emprego oral do galego e a incorporación de verbas de uso cotiá ao vocabulario do alumnado.
- **Achegamento a literatura:** A través de todo tipo de textos (contos, poemas, cantigas, adiviñas...) fomentaremos a escoita e lectura de textos en galego. Este aspecto servirá para aprendermos vocabulario, facer xogos de palabras, construír textos en galego... propiciando unha aproximación á lectoescritura nas dúas linguas oficiais.
- **Celebración de festas populares.** Na escola celebramos diferentes festas como Samaín, Magosto ou Entroido, entre outras, cunha base moi apegada a nosa cultura popular. Ademais dos propios festexos nos que participará todo o alumnado e profesorado, nas aulas afondaremos nestes aspectos a través de

contos, lendas, vocabulario... É importante resaltar tamén a colaboración do Concello ofrecendo actividades ligadas a estas festas, nas que contamos con monitores que realizan actividades para coñecer e festexar estas datas sinaladas.

- **Outras actividades:** a nivel de centro e de aula haberá momentos no curso onde se programarán actividades vinculadas aos xogos populares (por exemplo no Magosto), achegamento á cultura musical (a través de actividades do Concello, como a visita de Sementeira ou o taller de instrumentos musicais), participación das familias a través de contacontos ou actividades internivelares (actuacións de teatro nas aulas, contacontos, visita de autores...). Todas elas serán un punto de partida para empregar o galego a nivel oral e escrito así como para afondar en aspectos da nosa cultura.
- **Proxectos.** Plantexaranse proxectos a nivel de aula, de centro...que servirán para coñecer e aprender sobre diversos temas e nos que se poderá empregar textos en idioma galego, realizar actividades de aproximación á lectoescritura, facer exposicións orais ou escritas na nosa lingua...
- **TIC.** As aulas están dotadas de encerado dixital e no horario contamos cunha sesión semanal na aula de informática. Aproveitaremos estes recursos para realizar visionados e audicións en lingua galega e iniciar o emprego do xogos na rede (LIM, Jclíc...) que son moi motivadores para o alumnado. Na medida do posible facilitaremos que as familias teñan acceso a estes recursos a través da páxina web da escola e da aula virtual.
- Participación nos proxectos SEMGAL. Desde hai 3 anos estamos participando en distintos proxectos SEMGAL favorecendo o traballo grupal de maneira cooperativa. Os rapaces e rapaces elixen as temáticas a traballar e búscase sempre que o proxecto sexa un produto social relevante. Involucramos ás familias que son invitadas ao centro para ver os distintos proxectos que estamos a traballar en cada curso escolar.
- PDI. PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO. Dende o equipo de biblioteca todo o centro traballará nun proxecto común que dará pé a facer distintos tipos de actividades en galego.

4.2 Etapa de Educación Primaria

Na etapa de Educación Primaria o citado decreto garante a **adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.**

Ademais atendendo ás instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia expón: **“O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo.** Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o alumnado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia”.

Nesta etapa, agás en primeiro e segundo de primaria todos os cursos empregan libros de texto en todas as materias agás en Educación Física e Valores Cívicos e Sociais. As materias que se imparten en lingua galega son: **Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Lingua Galega, Relixión, Valores Cívicos e Sociais e Música** esta última sen texto, pero a mestra impartirá a materia en galego.

A continuación aparecen unha táboas coa distribución horaria das dúas linguas oficiais e a lingua inglesa. A educación artística inclúe Plástica, impartido en lingua inglesa.

1º DE PRIMARIA		Galego	Castelán	Inglés
Lingua Galega	4	X		
Lingua Castelá	4		X	
Matemáticas	5		X	
Ciencias Sociais	3	X		
Ciencias Naturais	2	X		
Lingua Estranxeira	2			X
Educación Artística	2		X	X
Educación Física	2	X		
Relixión/Valores Cívicos e Sociais	1		X	
TOTAL	25	11	11	3

2º DE PRIMARIA		Galego	Castelán	Inglés
Lingua Galega	4	X		
Lingua Castelá	4		X	
Matemáticas	5		X	
Ciencias Sociais	2	X		
Ciencias Naturais	2	X		
Lingua Estranxeira	2			X

Educación Artística	2		X	X
Educación Física	2	X		
Relixión/Valores Cívicos e Sociais	2		X	
TOTAL	25	10	12	3

3º DE PRIMARIA		Galego	Castelán	Inglés
Lingua Galega	4	X		
Lingua Castelá	4		X	
Matemáticas	4		X	
Ciencias Sociais	3	X		
Ciencias Naturais	2	X		
Lingua Estranxeira	3			X
Educación Artística	2		X	X
Educación Física	2	X		
Relixión/Valores Cívicos e Sociais	1		X	
TOTAL	25	11	11	4

4º DE PRIMARIA		Galego	Castelán	Inglés
Lingua Galega	4	X		
Lingua Castelá	4		X	
Matemáticas	4		X	
Ciencias Sociais	2	X		
Ciencias Naturais	2	X		
Lingua Estranxeira	3			X
Educación Artística	2		X	X
Educación Física	2	X		
Relixión/Valores Cívicos e Sociais	1		X	
Libre Configuración	1*	*	*	
TOTAL	25	10	10	4

5º DE PRIMARIA		Galego	Castelán	Inglés
Lingua Galega	4	X		
Lingua Castelá	4		X	
Matemáticas	5		X	
Ciencias Sociais	2	X		
Ciencias Naturais	2	X		
Lingua Estranxeira	3			X
Educación Artística	2		X	X
Educación Física	2	X		
Relixión/Valores Cívicos e Sociais	1		X	

TOTAL	25	10	11	4
-------	----	----	----	---

6º DE PRIMARIA		Galego	Castelán	Inglés
Lingua Galega	3	X		
Lingua Castelá	3		X	
Matemáticas	5		X	
Ciencias Sociais	3	X		
Ciencias Naturais	2	X		
Lingua Estranxeira	3			X
Educación Artística	2		X	X
Educación Física	2	X		
Relixión/Valores Cívicos e Sociais	1		X	
Libre Configuración	1*	*	*	
TOTAL	25	10	10	4

* **Libre configuración (4º e 6º de primaria):** o titor ou titora escolle a materia á que se destina esa sesión. Esta impartirase na lingua que se desenvolve esa materia , procurando respectar o equilibrio entre a lingua galega e a castelá.

PERÍODO LECTOR

Coa finalidade de que a distribución horaria sexa o máis equitativa posible e tendo en conta que o noso centro atópase nunha contorno onde predomina o castelán pretendemos facer un esforzo para que no momento de lectura a elección do alumnado inclúa o idioma galego. Para iso **reforzaremos as bibliotecas de aula con contos, cómics, libros de investigación, de poesía... en galego.** Para isto contaremos cos propios recursos da nosa biblioteca, procurando que o material se conserve no mellor estado posible; e o centro facilitará a compra de libros e contos en galego para as aulas se así fose necesario.

No caso de educación infantil, ademais da lectura de contos de xeito individual ou en grupo por parte do alumnado, terá un peso importante a lectura en voz alta por parte do profesorado. Neste caso, estes favorecerán a lectura indistinta de todo tipo de textos en galego e castelán.

No caso de educación primaria fomentárase por parte dos titores ou aqueles mestres que lles corresponda esta sesión a realización de lecturas en galego.

En todo caso favorecerase a interacción entre as aulas, realizando actividades internivelares ou interetapa, tales como:

- ❖ Contacontos
- ❖ Lecturas en voz alta
- ❖ Dramatizacións
- ❖ Interpretación de poemas
- ❖ Apadriñamento lector
- ❖ Etc..

2. MEDIDAS DE REFORZO

En primeiro lugar será fundamental a detección de posibles necesidades ou dificultades a través dos diferentes axentes educativos:

- ✓ **Titores ou titoras.** A partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance.
- ✓ **Departamento de Orientación.** De se lo caso levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na **Orde do 31 de outubro de 1996**. A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte dos profesores teñan horas dispoñibles como do profesor/a de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso.
- ✓ **Mestres de apoio.** Colaborarán co titor ou titora no desenvolvemento de actividades e aquelas outras tarefas que se consideren necesarias.
- ✓ **Mestre de PT e AL.** Intervirán no caso de que sexa necesario e así o determine o D.O. Haberá unha estreita relación entre o titor ou titora e os mestres especialistas que interveñan na aula, coa finalidade de que o apoio ao alumnado sexa coordinado, coherente e eficaz.

Especificamos a continuación as situacións nas que o alumnado podería ser susceptible de precisar apoio ou reforzo.

5.1 Alumnado con n.e.a.e.

No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso. No centro dispoñemos dos seguintes recursos:

	Mestres/as de apoio
RECURSOS HUMANOS	Mestres/as de A.L e/ou P.T.
	Departamento de Orientación
	Bibliografía
RECURSOS MATERIAIS	Material en soporte dixital
	Material manipulativo
	Deseño de actividades e tarefas axeitadas
RECURSOS DIDÁCTICOS/ METODOLÓXICOS	Atención individualizada
	Agrupamentos flexibles

5.2 Alumnado estranxeiro

No caso de alumnado procedente do estranxeiro o centro ten deseñado un **Plan de Acollida** custodiado polo Departamento de Orientación. En liñas xerais neste plan se recollen as seguintes medidas:

- ✓ Crear un bo ambiente de acollida: facilitar trámites, coñecer o centro...
- ✓ Reunión coa dirección do centro
- ✓ Valoración de D.O no caso de ser necesario
- ✓ Incorporación paulatina do alumnado
- ✓ Actividades na aula encamiñadas á súa adaptación: orientalo no necesario, evitar que se aille, axudalo coas tarefas...

No caso de que o alumnado procedente do estranxeiro se incorpore á **etapa de Educación Infantil** atenderemos tanto as indicacións do Plan de Acollida como as pautas sinaladas no apartado 4.1 deste proxecto:

- Rutinas
- Achegamento á literatura
- Celebración de festas populares
- Outras actividades
- Proxectos
- TIC

Ademais polo momento do desenvolvemento no que se atopan os nenos e nenas será primordial fomentar a oralidade, co fin de que o alumno ou alumna que descoñece as dúas linguas oficiais vaia asimilando e coñecendo as novas linguas.

Por outra banda contemplárase, de ser o caso, a incorporación a un grupo de adquisición de linguas, no último curso de E.I.

No caso de que a incorporación se produza na etapa de Educación Primaria igualmente teremos en conta os aspectos do Plan de Acollida para esta etapa así como a regulación estipulada na Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

Entre os **artigos 7 e 10** especificácase a funcionamento dos grupos de adquisición das linguas, que son definidos como *“agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado. “*

Esta medida estará dirixida ao alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia. O **tempo máximo** que poderán formar parte será **dun trimestre**, inda que a inspección educativa poderá autorizar a ampliación excepcional dese período.

Estes grupos estarán **dirixidos ao alumnado de Educación Primaria e, excepcionalmente, ao alumnado do último curso de Educación Infantil.** A continuación reflectimos nunha táboa os períodos lectivos que se poderían empregar para desenvolver os grupos de linguas, en función do curso no que o alumno ou alumna estea escolarizado. No caso do último curso da educación infantil e no 1º e 2º curso de educación primaria, ademais das actividades específicas que se poidan

desenvolver no grupo de adquisición das linguas tamén se levarán a cabo no contorno da aula ordinaria actividades de apoio á aprendizaxe da lingua. No caso de Educación Primaria e para facilitar a integración escolar e social do alumno/a, este permanecerá co seu grupo ordinario nas materias de educación física e educación artística.

CURSO	PERÍODOS LECTIVOS *
6º Educación Infantil	5
1º Educación Primaria	10
2º “	10
3º “	20
4º “	20
5º “	20
6º “	20

5.3. Outras circunstancias

No caso do alumnado que procede de fora de Galicia, pode acontecer que coñeza o castelán pero descoñeza o galego. Neste caso a integración pode ser máis doada por dominar unha das linguas oficiais pero poderán terse en conta algunhas das medidas citadas ao longo deste apartado, procurando que o alumno ou alumna se sinta integrado e ofrecendo solucións ás posibles dificultades que poida atopar.

A realización de actividades a nivel oral cobra vital importancia nestes casos, para que o alumnado se vaia familiarizando paulatinamente coa lingua galega.

Será fundamental ter en conta as actividades programadas a nivel de centro, propostas desde os diferentes equipos ou titorías, que estean vinculadas coa nosa cultura e fomenten o coñecemento das costumes e tradicións de Galicia para achegar ao alumnado á lingua galega desde una perspectiva motivadora e interesante.

6. DOCUMENTACIÓN:

a) Bibliográfica:

- A.A.V.V. : **A planificación lingüística nos centros educativos**. Xunta de Galicia.
- **Plan de Acollida** do C.E.I.P. Ponte de Xuvia.
- **Plan Xeral de Atención á Diversidade** do C.E.I.P. Ponte de Xuvia.

a) Na rede:

- www.edu.xunta.es
- www.ige.eu (Instituto Galego de Estatística)

a) Lexislativa:

- **Lei Orgánica 2/2006**, de 3 de maio, de Educación.
- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- **Lei 3/1983 de Normalización lingüística**.
- **Decreto 330/2009**, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 31 de outubro de 1996** pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral.

- **Orde do 20 de febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- **Orde do 10 de febreiro de 2014** pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- **Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010**, do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.